

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11122 *Real decreto 867/2015, do 2 de outubro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico para o cesamento de actividade e extinción das sociedades de responsabilidade limitada e o cesamento de actividade das empresas individuais.*

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, establece, no seu artigo 22, que as persoas físicas e xurídicas poderán realizar por vía telemática, a través do Punto de Atención ao Emprendedor do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e do resto de puntos de atención ao emprendedor que presten este servizo conforme o convenio suscrito para o efecto, os trámites administrativos necesarios para o cesamento da actividade de empresarios individuais e para a extinción e cesamento da actividade de sociedades mercantís.

O obxectivo xeral, por tanto, é simplificar os procesos de extinción e cesamento de actividade das empresas mediante un proceso electrónico e que integre a maioría dos trámites necesarios para iso. Con este proceso preténdese favorecer a segunda oportunidade dos empresarios mediante un sistema sinxelo e rápido que lles permita iniciar un novo proxecto empresarial canto antes.

Para iso, habilita a utilización do documento único electrónico (DUE), modificando a súa definición, establecida na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Ata este cambio, o DUE configurábase como un documento para a tramitación por vía electrónica da creación de empresas. Agora, o DUE e o sistema CIRCE (Centro de Información e Rede de Creación de Empresas) pasan a desempeñar un papel global no relativo á tramitación administrativa da vida das empresas.

Este real decreto concíbese de maneira similar ao Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, pero introducindo as necesarias actualizacións legais e evitando, na medida do posible, a enumeración exhaustiva de datos, remitíndose, nos supostos en que aquela resulte oportuna, á normativa de aplicación en cada caso e, na súa falta, á sede electrónica onde se manterán actualizados os datos do DUE. Búscase así unha comprensión máis clara da norma, así como unha adaptación a cambios futuros que poida experimentar o dito documento.

Doutra banda, do mesmo xeito que ocorre no proceso de creación de empresas, a cada DUE asignaráselle un número CIRCE que o identificará de maneira única e inequívoca no sistema e distinguírao de calquera outro DUE, independentemente da súa natureza.

Para a realización deste real decreto consultáronse todos os organismos e administracións públicas participantes no sistema CIRCE, así como distintas asociacións empresariais, as comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

O obxecto, polo tanto, do presente real decreto é regular o DUE co fin de levar a cabo, de maneira integrada e por vía electrónica, os trámites necesarios para o cesamento da actividade dos empresarios individuais e dos emprendedores de responsabilidade limitada, así como para o cesamento da actividade e extinción das sociedades de responsabilidade limitada, entendendo este como un primeiro paso e que posteriormente se irá ampliando a outras formas xurídicas.

De acordo co disposto no artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, este real decreto foi sometido a informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación do documento único electrónico (en diante, DUE) co fin de levar a cabo, de maneira integrada e por vía electrónica, os trámites necesarios para o cesamento de actividade e extinción das sociedades de responsabilidade limitada e para o cesamento da actividade das empresas cuxos titulares sexan persoas físicas, incluídas as de titularidade de emprendedores de responsabilidade limitada a que se refire o capítulo II da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións contidas neste real decreto non alteran as normas relativas á tramitación administrativa non electrónica para o cesamento da actividade de empresarios individuais e para a extinción e cesamento da actividade de sociedades de responsabilidade limitada.

2. Quedan excluídas as comunicacións e outros trámites referidos ao procedemento concursal.

CAPÍTULO II

Documento único electrónico de extinción e cesamento de actividade

Artigo 3. *Puntos de atención ao emprendedor.*

1. A formalización e o envío do DUE poderase realizar a través dos puntos de atención ao emprendedor definidos na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

2. A formalización por vía electrónica do DUE estará dispoñible para os cidadáns a través da subsele electrónica do Punto de Atención ao Emprendedor electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (en diante, PAE Minetur).

Artigo 4. *Natureza e contido do DUE de extinción e cesamento de actividade.*

1. O DUE é un instrumento de natureza telemática no cal se inclúen todos os datos referentes ao empresario individual, ao emprendedor de responsabilidade limitada e á sociedade limitada que, de acordo coa lexislación aplicable, se deben remitir aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para o cesamento da actividade ou para a extinción e cesamento da actividade, segundo sexa o caso, coa condición de que estes se remitan por medios electrónicos.

2. O DUE conterá dous tipos de datos:

a) Datos básicos, que se deberán cubrir no momento en que se dá inicio á tramitación. Na subsede electrónica do PAE Minetur figurará unha lista, que se manterá constantemente actualizada, na cal se detallarán os mencionados datos básicos.

b) Datos que deberán incorporar en cada fase da tramitación as administracións públicas competentes para a extinción e o cesamento da empresa e, de ser ou caso, o notario interveniente nos actos de disolución, liquidación e extinción da sociedade, e os encargados dos rexistros xurídicos. Igualmente, na subsede electrónica do PAE Minetur figurará unha lista que se manterá constantemente actualizada e na cal se detallarán os datos a que se refire este punto.

3. Para os efectos da aplicación deste real decreto, o DUE substitúe os formularios administrativos que se relacionan no anexo.

Artigo 5. *Trámites que poden ser realizados co DUE.*

1. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, o DUE permite a realización electrónica dos seguintes trámites:

a) A solicitude da inscrición ao Rexistro Mercantil da disolución, liquidación e extinción da sociedade, do nomeamento dos liquidadores, do peche de sucursais e, en xeral, cancelación do resto de asentos rexistrais.

b) A comunicación da extinción da empresa ou do cesamento definitivo da súa actividade e/ou a baixa dos traballadores ao seu servizo á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social calquera que sexa o réxime da Seguridade Social a que aqueles estean adscritos.

c) A declaración de cesamento de actividade e de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores e a declaración de baixa no imposto sobre actividades económicas.

d) A comunicación da baixa nos rexistros sectoriais estatais, autonómicos e municipais nos cales se inscribiu a empresa ou as súas instalacións.

e) A comunicación de cesamento de actividade ás autoridades estatais, autonómicas e municipais cando esta sexa preceptiva.

f) En caso de emprendedores de responsabilidade limitada, a solicitude de cancelación das inscricións que resulten necesarias no Rexistro Mercantil, no Rexistro da Propiedade e en calquera outro rexistro en que estiveren inmatriculados os bens inembargables por débedas empresariais ou profesionais.

g) Baixa da embarcación ou do artefacto flotante.

2. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderase establecer a realización electrónica, mediante o DUE, doutros trámites que complementen os mencionados no punto anterior.

3. Na solicitude en formato electrónico, o interesado poderá solicitar expresamente a non realización dalgún ou de varios dos trámites especificados no número 1.

Artigo 6. *Tramitación do DUE para o cesamento de actividade e a extinción de sociedades de responsabilidade limitada.*

1. Unha vez consignados no DUE os datos básicos, o sistema de tramitación telemática (en diante, STT) asignaralle o número CIRCE correspondente, co cal se identifica de maneira única e inequívoca o DUE. A continuación poderase proceder á realización dos seguintes trámites:

a) Elevación a público do acordo de disolución da sociedade e nomeamento dos liquidadores. Conforme o establecido na vixente lexislación notarial, o STT permitirá concertar a cita co notario elixido polos socios para a elevación a público do acordo de

disolución da sociedade e nomeamento dos liquidadores. Incorporarase ao DUE a confirmación da cita xunto cos datos identificativos do notario elixido.

O STT remitirá os datos da sociedade e dos liquidadores ao notario elixido polos socios.

b) Incorporación dos datos relativos á escritura de disolución e nomeamento de liquidadores ao DUE. Unha vez outorgada a escritura pública de disolución e nomeamento de liquidadores da sociedade, o notario autorizante, coa súa sinatura electrónica avanzada, incorporará ao DUE os datos relativos a aquela. Na dita escritura figurarán as circunstancias exixidas legal e regulamentariamente para a disolución da sociedade e o nomeamento dos liquidadores.

c) Autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. O STT remitirá á oficina liquidadora da Administración tributaria competente os datos recollidos no DUE referentes á autoliquidación do imposto.

Á remisión destes datos xuntarase a copia simple electrónica da escritura pública de disolución, remitida electronicamente polo notario autorizante. Como resultado deste trámite, a Administración tributaria competente fará constar no DUE a liquidación efectiva do imposto.

d) Inscripción da escritura de disolución e do nomeamento dos liquidadores no rexistro mercantil correspondente. Para ese efecto, o STT remitirá, xunto co DUE, a copia autorizada electrónica da escritura de disolución ao rexistro mercantil provincial correspondente. Nos supostos de cualificación negativa, a emenda de defectos realizarase a través do STT.

e) Declaración de cesamento de actividade no Censo de empresarios, profesionais e retedores por deixar de exercer todo tipo de actividades empresariais ou profesionais, conforme dispón o artigo 11, número 1, do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1035/2007, do 27 de xullo.

Para este efecto, e segundo os casos, o STT remitirá á Administración tributaria competente os datos contidos no DUE, ben para realizar a declaración de cesamento de actividade da sociedade, sen que esta se disolva, e na cal faga constar a data efectiva do cesamento, ben a copia electrónica da inscrición da escritura pública de disolución da sociedade e do nomeamento dos liquidadores no rexistro mercantil correspondente xunto cos datos contidos no DUE, de conformidade cos requisitos establecidos na normativa relativa aos censos tributarios no ámbito de competencias do Estado, das comunidades autónomas ou das facendas forais, segundo corresponda.

No entanto, se se condensa nun só DUE e conseguintemente nunha soa escritura, tanto o acordo de disolución da sociedade e nomeamento dos liquidadores como a liquidación efectiva e solicitude de cancelación no Rexistro Mercantil, non será necesario este trámite.

f) Elección do notario autorizante da escritura pública de liquidación e extinción da sociedade. O STT permitirá concertar a cita co notario elixido polos liquidadores para o outorgamento da escritura pública de liquidación e extinción da sociedade. Incorporarase ao DUE a confirmación da cita xunto cos datos identificativos do notario elixido.

g) Incorporación dos datos relativos á escritura de liquidación e extinción ao DUE. Unha vez outorgada a escritura pública de liquidación e extinción da sociedade, o notario autorizante, coa súa sinatura electrónica avanzada, incorporará ao DUE os datos relativos a aquela. Na dita escritura figurará, xunto coas demais circunstancias exixidas legal ou regulamentariamente para a disolución da sociedade e o nomeamento dos liquidadores que asumiron o deber de conservación dos libros e documentos da sociedade durante o prazo de seis anos contados desde a data do asento de cancelación da sociedade, ou manifestaron que a sociedade carece deles. En caso contrario, será responsabilidade dos liquidadores realizar o depósito da dita documentación no rexistro mercantil correspondente, que será en todo caso previo ao asento de inscrición que se practicará no Rexistro Mercantil.

h) Autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (operacións societarias). O STT remitirá á oficina liquidadora da Administración tributaria competente os datos recollidos no DUE referentes á autoliquidación do imposto.

Á remisión destes datos xuntarase a copia simple electrónica da escritura pública de extinción, remitida electronicamente polo notario autorizante. Como resultado deste trámite, a Administración tributaria competente fará constar no DUE a liquidación efectiva do imposto.

i) Inscripción da escritura de liquidación e extinción da sociedade no rexistro mercantil provincial correspondente. O STT remitirá, xunto co DUE, a copia autorizada electrónica ao rexistro mercantil provincial correspondente. Unha vez recibida a dita información, o rexistrador mercantil procederá á inscrición e consecuente cancelación dos asentos rexistrados de conformidade co artigo 396 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e o artigo 247 do Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xuño. Nos supostos de cualificación negativa, a emenda de defectos realizarase a través do STT.

O rexistrador, a través do STT e con sinatura electrónica recoñecida, incorporará ao DUE os datos relativos á dita cancelación rexistral.

Non obstante o establecido nas alíneas anteriores, poderase condensar nun só DUE e, conseguintemente, nunha soa escritura, tanto o acordo de disolución da sociedade e nomeamento dos liquidadores coma a liquidación efectiva e solicitude de cancelación no Rexistro Mercantil, e procederase en igual forma ao establecido anteriormente.

j) Comunicación da baixa de datos dos traballadores calquera que sexa o réxime da Seguridade Social a que aqueles estean adscritos. De ser o caso, o STT remitirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os datos da baixa dos traballadores por conta allea ou asimilados, socios traballadores e administradores, se é o caso, de conformidade cos requisitos establecidos no Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicará ao STT a confirmación da baixa por parte desta.

Para os efectos da baixa do traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda, entenderase como lugar desta o PAE desde o cal se inicie a tramitación do DUE e como data de solicitude da baixa a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

k) Comunicación do cesamento de actividade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social. O STT remitirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o cesamento de actividade da sociedade, así como a baixa de datos de conta de cotización e da embarcación ou do artefacto flotante, de ser o caso.

Para os efectos da baixa, entenderase como lugar desta o PAE desde o cal se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da baixa, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

l) Comunicación do cesamento de actividade do centro de traballo á autoridade laboral. O STT remitirá á autoridade laboral correspondente os seguintes datos contidos no DUE:

- 1.º Datos da empresa solicitante.
- 2.º Datos do centro ou centros de traballo que se pechan.
- 3.º Datos do seu representante, se é o caso.
- 4.º Datos para efectos de notificación.

m) Comunicación do cesamento de actividade á autoridade municipal correspondente. O STT remitirá á Administración competente os seguintes datos contidos no DUE:

- 1.º Datos da empresa solicitante.
- 2.º Datos do centro ou centros de traballo que se pechan.
- 3.º Datos do seu representante, se é o caso.
- 4.º Datos para efectos de notificación.

n) Declaración de baixa no imposto sobre actividades económicas (IAE), de ser o caso. Para os efectos da baixa no IAE, o STT remitirá á Administración tributaria competente os datos contidos no DUE de conformidade cos requisitos establecidos na normativa do imposto.

o) Declaración de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores cando se realizase a cancelación efectiva dos correspondentes asentos no Rexistro Mercantil, conforme dispón o artigo 11, número 3 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Para os efectos da declaración de baixa no censo, o STT remitirá á Administración tributaria competente, xunto cos datos contidos no DUE, a copia electrónica da inscrición da escritura pública de liquidación e extinción no rexistro mercantil correspondente de conformidade cos requisitos establecidos na normativa relativa aos censos tributarios, no ámbito de competencias do Estado, das comunidades autónomas ou das facendas forais, segundo corresponda.

p) Comunicación da baixa dos administradores-liquidadores no réxime especial de traballadores autónomos, sempre que así se solicite e non realicen outras actividades alleas á sociedade. De ser o caso, o STT remitirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os datos da baixa, de conformidade cos requisitos establecidos no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicará ao STT a confirmación da baixa.

Para os efectos da baixa no réxime da Seguridade Social, entenderase como lugar desta o PAE desde o cal se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da baixa, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

q) Outros trámites. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo ou, de ser o caso, mediante o oportuno convenio subscrito para o efecto, poderanse incluír novos datos no DUE, co fin de que poida servir para o cumprimento doutros trámites, comunicacións ou/e obrigas doutras administracións públicas, de acordo co artigo 5.

2. No caso de que así o decidisen os liquidadores, a tramitación do DUE poderase iniciar a partir da alínea e) do punto anterior.

Artigo 7. *Tramitación do DUE para o cesamento de actividade de empresarios individuais.*

No caso de empresarios individuais ou de emprendedores de responsabilidade limitada, unha vez consignados no DUE os datos básicos, o STT asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca o DUE e podéndose proceder a continuación á realización dos trámites seguintes:

a) Comunicación da baixa de datos dos traballadores por conta allea ou asimilado. De ser o caso, o STT remitirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social os datos da baixa dos traballadores por conta allea ou asimilados, de conformidade cos requisitos establecidos no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicará ao STT a confirmación da baixa.

Para efectos da baixa do traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda, entenderase como lugar desta o PAE desde o cal se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da baixa, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

b) Comunicación do cesamento de actividade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social. O STT remitirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o cesamento de actividade

da empresa, así como a baixa de datos de conta de cotización e da embarcación ou do artefacto flotante, de ser o caso.

Para efectos da baixa, entenderase como lugar desta o PAE desde o cal se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da baixa, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

c) Comunicación do cesamento de actividade do centro de traballo á autoridade laboral. O STT remitirá á autoridade laboral correspondente os seguintes datos contidos no DUE:

1.º Datos do empresario individual ou do emprendedor de responsabilidade limitada solicitante.

2.º Datos do centro ou centros de traballo que se pechan.

3.º Datos do seu representante, se é o caso.

4.º Datos para efectos de notificacións.

d) Comunicación do cesamento de actividade á autoridade municipal correspondente. O STT remitirá á Administración competente os seguintes datos contidos no DUE:

1.º Datos do empresario individual ou de responsabilidade limitada solicitante.

2.º Datos do centro ou centros de traballo que se pechan.

3.º Datos do seu representante, se é o caso.

4.º Datos para efectos de notificación.

e) Declaración de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores. Para os efectos da declaración de baixa no dito censo, o STT remitirá á Administración tributaria competente os datos contidos no DUE de conformidade cos requisitos establecidos na normativa relativa aos censos tributarios no ámbito de competencias do Estado, das comunidades autónomas ou das facendas forais, segundo corresponda.

Esta declaración presentarase cando o empresario cese no desenvolvemento de todo tipo de actividades empresariais ou profesionais, conforme dispón o artigo 11 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1035/2007, do 27 de xullo, ou, de ser o caso, normativa autonómica aplicable.

f) Comunicación do cesamento de actividade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social. O STT remitirá á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a baixa no réxime especial de traballadores autónomos, así como a baixa de datos de conta de cotización, de ser o caso.

Para efectos da baixa, entenderase como lugar desta o PAE desde o cal se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da baixa, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

g) No caso do emprendedor de responsabilidade limitada, o STT remitirá ao rexistro mercantil correspondente, xunto co DUE, a solicitude de cancelación da súa inscrición como tal, en unión do título formal que deba motivala, acta notarial ou instancia subscrita con sinatura electrónica recoñecida do empresario, no cal deberán constar os datos de inscrición no Rexistro da Propiedade da vivenda habitual non suxeita.

O rexistrador, a través do CIRCE e con sinatura electrónica recoñecida, incorporará ao DUE os datos relativos á dita cancelación rexistral.

h) Outros trámites. Mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo ou, de ser o caso, mediante o oportuno convenio subscrito para o efecto, poderanse incluír novos datos no DUE, co fin de que poida servir para o cumprimento doutros trámites, comunicacións ou/e obrigas doutras administracións públicas, de acordo co artigo 5.

Artigo 8. *Comunicación de modificacións polas administracións públicas.*

1. Para a correcta realización da tramitación electrónica do DUE a que se refire este real decreto, as administracións públicas competentes deberán facilitar ao administrador

do STT as modificacións que se poidan producir con relación a novos datos que se tivesen que consignar, así como calquera modificación nas táboas de codificación dos datos xa contidos no DUE.

2. Recibidas as modificacións ás cales se fai referencia no punto anterior, o administrador do STT incluíraas de forma automática no sistema.

Artigo 9. *Protección de datos persoais.*

1. Os PAE unicamente poderán solicitar datos persoais directamente dos seus titulares ou logo de consentimento explícito destes, e só na medida necesaria para a realización dos trámites recollidos neste real decreto.

2. O tratamento dos datos persoais que se precisen para a tramitación telemática establecida neste real decreto estará sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Colaboración con comunidades autónomas.*

No caso de que as comunidades autónomas dispoñan de plataformas de tramitación con funcións de portelo único, garantírase que as comunicacións relacionadas coa extinción e o cesamento de actividade realizada desde estas plataformas produzan os efectos oportunos nos trámites de competencia estatal. Para este propósito, defínense os mecanismos de coordinación necesarios entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para integrar a información entre as súas respectivas plataformas de forma bidireccional.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 44/2015, do 2 de febreiro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha de sociedades cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades limitadas laborais e emprendedores de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática.*

O Real decreto 44/2015, do 2 de febreiro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do documento único electrónico (DUE) para a posta en marcha de sociedades cooperativas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades limitadas laborais e emprendedores de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a alínea i) do artigo 5.3, que queda redactado da seguinte maneira:

«i. Para a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Sociedades Cooperativas, o STT remitirá á Administración pública competente os seguintes datos contidos no DUE:

1. Datos do solicitante.
2. Datos do seu representante, se é o caso.
3. Datos para efectos de notificación.
4. Copia autorizada electrónica da escritura pública de formalización do acordo correspondente, sempre que a lexislación estatal e/ou autonómica de cooperativas así o precise.
5. Documento acreditativo de ter liquidado o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Se, da cualificación da documentación presentada, o Rexistro de Cooperativas aprecia a existencia de defectos susceptibles de emenda, comunicarllo ao STT para que os interesados procedan á súa rectificación.

O Rexistro de Cooperativas deberá cualificar e inscribir, de ser o caso, a escritura de constitución no prazo máximo de dez días hábiles, sempre que se utilicen os estatutos sociais orientativos oficiais, contados desde o momento da recepción telemática da solicitude no dito órgano, e se tiver defectos emendables, desde o momento de presentación dos documentos de emenda. Nos supostos de cualificación negativa, o Rexistro de Cooperativas comunicarllelo, no mesmo prazo, ao notario autorizante e ao representante que os socios fundadores designasen. Así mesmo, notificarállelo ás administracións tributarias competentes. En caso de non utilización de estatutos sociais orientativos, o prazo de cualificación e inscrición será o establecido na lexislación estatal ou autonómica correspondente.»

Disposición derradeira segunda. *Supletoriedade.*

No non previsto no presente real decreto aplicarase, con carácter supletorio, o Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre procedemento administrativo común.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Os ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Xustiza ditarán, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

Formularios substituídos polo documento único electrónico (DUE)

O DUE substitúe os formularios abaixo relacionados para os efectos da aplicación deste real decreto:

Declaración censual.	Modelos 036 e 037
Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.	Modelo 600
Imposto sobre actividades económicas.	Modelo 840
Declaración censual de comezo, modificación ou cesamento de actividade da Comunidade Autónoma canaria.	Modelo 400
Solicitud de alta, baixa e variación de datos de conta de cotización.	TA. 7
Solicitud de alta, baixa, variación de datos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Traballadores por conta propia.	TA. 0825
Solicitud de inscrición, baixa e variación de datos de embarcacións e artefactos flotantes.	TA. 47
Solicitud de alta, baixa ou variación de datos do traballador por conta allea ou asimilado.	TA. 2/S
Socios, familiares de socios ou membros de órganos de administración de sociedades mercantís capitalistas.	TA. 0521/5
Solicitud de alta, baixa, variación de datos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Traballadores por conta propia. Simplificada TA.	TA. 0825/1
Réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar (familiar colaborador do titular da explotación).	TA. 0825/2
Solicitud de alta, baixa ou variación de datos no réxime especial de autónomos.	TA. 0521/1
Solicitud de alta, baixa ou variación de datos no réxime especial de autónomos (familiar colaborador do titular da explotación).	TA. 0521/2
Comunicación de peche do centro de traballo.	